

OS CONECTORES TEXTUAIS

Os conectores, enlaces ou marcadores textuais son unha serie aberta e heteroxénea de partículas lingüísticas (adverbios, conxuncións, locucións adverbiais ou conxuntivas...) que serven para indicar as relacións entre as ideas dun texto e organizar as partes do mesmo e non teñen función sintáctica. O número de conectores é moi amplo. A continuación indicamos os máis comúns coas súas respectivas funcións:

- **Introdución:** en principio, para comezar, antes de nada... *proceder a...*
- **Organización:** primeiro, en primeiro lugar, primeiramente, en segundo lugar, a continuación, posteriormente...
- **Peche:** finalmente, por último, para rematar... *mais nada...*
- **Conclusión:** en conclusión, en definitiva, en resumo...
- **Continuación:** pois ben, neste sentido, entón... *agora ben, con todo...*
- **Tematizadores:** canto a, a propósito de, a respecto de ... *no tocante a, polo que se refire a...*
- **Distribución:** por un lado, por outro; dunha banda, doutra...
- **Aditivos:** ademais, e, incluso, do mesmo xeito, tamén, despois, igualmente, por outra banda... *ainda máis*
- **Contraste:** pola contra, non obstante, pero, mais, con todo, agora ben, así e todo, por outra banda... *en realidade, aínda que...*
- **Semellanza:** de modo semellante, de igual maneira, igualmente, de xeito similar...
- **Explicación:** isto é, é dicir, ou sexa, noutras palabras... *ou lo mesmo*
- **Certeza:** *defeito* evidentemente...
- **Causa e consecuencia:** polo tanto, por conseguinte, en consecuencia, daquela, pormor de, así, entón, pois, xa que logo, por iso, de xeito que, así que... *pois que*
- **Espazo-temporais:** por riba, antes, mentres que, mentres tanto, de súpeto, máis tarde, despois, deseguido, sempre que, así que... *entón*